

Saber conversar

No catálogo dos libros necesarios

MARGA ROMERO


Publicado dentro da colección “Ensaio” da Editorial Espiral Maior, chega onde nós este volume da autoría de Xosé Luna Sanmartín que leva por título *No pazo de Laiovento. Conversas con Francisco Pillado Mayor*.

Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965) poeta, narrador e editor, partilla coa persoa á cal entrevista o seu amor polo libro, polo teatro e mais o seu compromiso ético e estético co país no que ambos viven. Quen le, ten nas súas mans o resultado de máis de trinta horas de conversa, nas que o autor deixa que a voz do entrevistado flúa, entre as súas atinadas e oportunas interferencias; é xeneroso, xa que logo, e permite que aprendamos do protagonista da historia e do seu tempo sen que a súa voz medie en exceso: al que que, sábemolo ben, ten acontecido moitas veces en libros deste tipo. Deste xeito, Luna Sanmartín comparte co público a súa aspiración, todos e todas podemos, en certa maneira, vir ser el mesmo. Por outra banda, cando nos deixamos levar polas palabras do entrevistado, polas súas reflexións, sabemos que agás no primeiro capítulo, no que xorde o neno que foi, non estamos asistindo unicamente á conversa con Francisco Pillado: o libro ten a capacidade de

galego, non é só Francisco Pillado, son moitos e moitas Pillados. Eses mesmos/esas mesmas que nos seguimos emocionando ao imaxinar as palabras de Leandro Carré na Coruña cando lle transmitía o legado das xeracións anteriores á esoutra de Pillado, somos abofé moitos e moitas. Sen dúbida, este é outro dos valores do libro que logra emocionarnos. Non sabía, quen isto escribe, antes de ler este volume da importancia de Francisco Pillado na vida das persoas da miña xeración que devorabamos aqueles *Cadernos da Escola Dramática Galega*, xa que Pillado non é actor en escena, pertence á montaxe e á dirección, de todo o enramado, ese

traballo

soa que nunca claudicou, e refírome, por exemplo, ao seu compromiso e militancia co nacionalismo galego, as súas opinións sobre ese ministro fascista que foi Fraga, o noso conversador nunca pactou co politicamente correcto. Concordo con Francisco Pillado, e nunca ninguén o pode explicar mellor, que temos que popularizar o elitismo, a vulgaridade é reaccionaria, porque como nos dixeron as fantasmas que moraban no Pazo de Laiovento a utopía serve para camiñar. Por iso no libro hai soños e realidades, a editorial Laiovento, a amizade e o labor con Manuel Lourenzo son realidades. Por favor lean este libro, onde se explica cos mellores argumentos, entre outros conceptos, que é a literatura galega. Achequen estas refle-



ASISTIMOS Á
TRADUCCIÓN DUNHA
ÉPOCA, DUN TEMPO E
MAIS DUN ESFORZO
IMPRESINDÍBEIS

traducirnos unha época e un tempo imprescindíbeis para nós como pobo, como colectividade; logra que sexamos capaces de emocionarnos con aquela atmosfera na que (re)-nacía o teatro galego, a actividade cultural e a conciencia lingüística. O mozo que se preocupa por aprender a lingua, que é súa e non posúe; o que descoñece a historia do seu país, en concreto das iniciativas teatrais, e cre que nunca nada antes se fixo por crear un teatro

que só se ve cando se está á beira. Lean, xa que logo, Vdes. Este volume e descubrirán o labor desaxeración que se preparaba para o cambio que a morte da ditadura ía supoñer, había que estar ao día. No libro hai lucidez de pensamento e, sobre todo, a ética dunha per-

xións
tan necesarias á
mocidade de hoxe.

LUNA SANMARTÍN,
*Xosé, No pazo de
Laiovento, Ed. Espiral
Maior, A Coruña, 2008,
333 páxinas.*